



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Literatura e Cultura	Código	613G01049		
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoloxía Española e Latina				
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es		
Profesorado	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo comparado da literatura e a cultura. A materia céntrase na cultura da memoria e ocúpase dun estudo de caso e traballo de campo sobre a literatura da memoria histórica da guerra civil e o franquismo na contorna da Coruña.				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O alumno debe coñecer os principios da Semiótica da Cultura e teorías afíns que insiren os estudos literarios nun ámbito superior e complexo como é o da cultura	A1 A2 A3 A11 A14	B1 B2 B3 B5 B8 B9	C3 C6
O alumno debe ser capaz de aplicar a investigación en literatura comparada con la realidade de su ámbito vital, histórico y artístico	A1 A2 A3 A11 A15 A21 A22 A23	B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B10	C1 C6 C8
O alumno debe ser capaz de valorar a memoria sociohistórica da súa contorna vital e de poñela en relación con outros ámbitos distantes no tempo e no espazo para acadar unha interpretación universal dos casos de estudo comparado aos que se enfrenta	A11 A14	B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C6 C8
O alumno debe coñecer as linguas e literaturas castelá, galega, portuguesa e inglesa, así como posuír algúns coñecementos doutras linguas e culturas para poder investigar no campo da literatura comparada	A7 A13 A15 A16 A17 A18 A19 A20		C1 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cultura e literatura como obxectos de estudo das ciencias humanas.	1.1 Introducción epistemolóxica 1.2. A Semiótica da Cultura de Iuri Lotman. 1.3. Paul Ricoeur e T. Todorov: usos da memoria e do esquecemento



2. Cultura e literatura da "memoria histórica";	<p>2.1 O papel da memoria na formación das culturas. O rexistro da memoria.</p> <p>2.2. A memoria e o esquecemento como fenómenos individuais e colectivos.</p> <p>2.3. O discurso da memoria histórica</p> <p>2.4. A literatura da memoria histórica.</p>
3. Estudo de caso: Santiago Casares Quiroga	<p>3.1. O estudo de caso como método de investigación: realidade próxima e traballo de campo.</p> <p>3.2. Caso Santiago Casares Quiroga</p> <p>3.2.1. Contextualización socio-histórica e política.</p> <p>3.2.2. Lugares da memoria.</p> <p>3.3.3. Memoria e trauma: a actriz francesa María Casares.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 B3 B5 C1	16	14	30
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C6	1	5	6
Estudo de casos	A2 A7 A13 A14	7	33	40
Proba mixta	A3 A15 B1 B2 B3 B4	2	20.5	22.5
Obradoiro	A11 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 B1 B7 B9 B10 C8	6	6	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O docente explicará na aula os contidos principais da materia. Inclúense dúas sesións máis sobre a orientación teórica do método chamado "estudo de caso", que servirán como introdución á práctica comparatista.
Presentación oral	Os alumnos presentarán na aula os traballos realizados
Estudo de casos	Para aplicar á práctica o estudo comparado da cultura e a literatura, se centrarán os estudantes en analizar casos reais e ficticios de fenómenos ou sucesos concretos. Para o estudo de caso acudirán a todo tipo de documentación e ferramentas de análise.
Proba mixta	Proba final escrita que constará dunha serie de respostas a determinadas cuestións teóricas e dun apartado onde o estudante exporá ou resolverá casos prácticos concretos
Obradoiro	Aplicarase aos traballos de investigación a metodoloxía comparatista Literatura-Cultura da memoria Para o estudo de caso, algunhas das clases prácticas serán levadas a cabo na Coruña e arredores, nos "lugares da memoria" relacionados con Santiago Casares Quiroga. Comunicarase ao decanato o programa de saídas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	O profesor atenderá na aula e nos horarios de tutorías ao estudante

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Sesión maxistral	A1 A2 A3 B3 B5 C1	Valorarase a asistencia ás clases, tanto nas sesións expositivas como nos talleres.	5
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C6	Presentarase na aula o resultado do traballo realizado, explicando o proceso de realización e os aspectos relevantes. A idoneidade, coherencia e valor académico do traballo proposto serán tidos en conta na súa cualificación	40
Obradoiro	A11 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 B1 B7 B9 B10 C8	O traballo final será o resultado da aplicación dos coñecementos adquiridos. Valorarase a orixinalidade, a metodoloxía, e a presentación.	5
Proba mixta	A3 A15 B1 B2 B3 B4	O día sinalado no calendario oficial da facultade, os alumnos realizarán un examen no que demostrarán os coñecementos teórico-prácticos adquiridos	50

Observacións avaliación

Na aula especificarase os pormenores da realización do traballo. A presentación oral dese traballo (duración e ferramentas empregadas) axustarase ao número de alumnos na materia. Na primeira oportunidade realizarase unha proba mixta ou exame teórico (a finais do cuadrimestre correspondente), cuxa cualificación se sumará á do traballo práctico. Na segunda oportunidade, a proba mixta será máis extensa e constará dunha parte teórica e outra práctica. A nota obtida na proba de xullo será a definitiva. En calquera das oportunidades da convocatoria única, o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 para aprobar a asignatura, tal e como establece a normativa da Facultade de Filoloxía. Os traballos nos que o alumno plaxie serán penalizados cun 0,00. As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal. Na primeira oportunidade de avaliación, será considerado NP o alumno que non se presente á chamada "proba mixta" ou exame relativo á parte teórica da materia. Os alumnos pendentes só desta materia para graduarse e que se presenten á convocatoria adiantada (en decembro) deberán axustarse ás normas que rexen para a 2ª oportunidade (a de xullo). Repetidores ou alumnos con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Aróstegui, J. / Godicheau, F. (eds.) (2006). Guerra civil. Mito y memoria.. Madrid: Marcial Pons - Casares, María (2009). Residente privilexiada, . Oleiros/A Coruña, Trifolium - Espinosa Mestre, Francisco (2006). Contra el olvido. Historia y memoria de la guerra civil. Barcelona: Crítica - Fernández, Carlos (2000). Casares Quiroga, una pasión republicana. O Castro/Sada: Edicións do Castro - Grandío Seoane, Emilio / Roderó, Joaquín (eds.) (2011). Santiago Casares Quiroga, la forja de un líder. Madrid: Eneida - Jurij M. / Escuela de Tartu (1971). Semiótica de la cultura. Madrid: Cátedra - Lopo, María (ed.) (2008). Cartas no exilio: correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949). A Coruña: Baía - Pérez Garzón, Juan Sisinio (2010). Memoria histórica . Madrid, C.S.I.C. - Ricoeur, Paul (2003). La memoria, la historia, el olvido. Madrid, Trotta, - Todorov, Tzvetan (2005). Memoria del mal, tentación del bien. Indagación sobre el siglo XX. Barcelona, Península - Winter, Ulrich (ed.) (2006). Lugares de memoria de la Guerra Civil y el franquismo. Representaciones literarias y visuales. Madrid-Frankfurt: Iberoamericana-Vervuert <p>Parte do traballo do alumnado é a procura de recursos bibliográficos (documentación en bases de datos e bibliotecas en liña). Por esta razón, completarase a bibliografía fundamental con algunhas referencias complementarias indicadas abaixo, sen pretensión de exhaustividade. Por outra banda, queda a criterio do docente a escollo de lecturas literarias relacionadas co tema.</p>
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Acuña, Ana (ed.) (2013). Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega. Berlin: Frank & Timme- Aguilar Fernández, Paloma (1996). Memoria y olvido de la guerra civil española . Madrid, Alianza- Carballido Reboredo, Silvia (2001). (2001). Novela en pé de guerra(a guerra civil vista por los novelistas gallegos en castelán). O Castro/Sada: Edición do Castro- Flory, Jean? (1938). La Galice sous la botte de Franco. Épisodes de laterreur blanche dans les provinces de Galice, rapportés par ceux qui les ont vécus. Paris: Jean Flory- Flory, Jean (2005). (2005): Galicia bajo la bota de Franco. Episodios sobre el terror blanco acaecidos en las provincias de Galicia, contados por quienes los han vivido [Reedición en castellano a partir de la tradución . Santiago de Compostela: Alvarellos- Godinho, Paula (coord.) (2012). Usos da memoria e prácticas do patrimonio. Lisboa: Colibri- Halbwachs, Maurice (1950) (2004). , La memoria colectiva. Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza- Juana López, Jesús de / Prada Rodríguez, Julio (coords.) (2006). Lo que han hecho en Galicia. Violencia, represión y exilio, 1936-1939. Barcelona, Crítica- Alonso Montero, Xesús / Villar, Miro (eds.) (2006). Guerra civil e literatura galega (1936-1939). Vigo: Xerais
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistir a clase

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías